



## Concello de Bueu

### **ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE UN/UNHA ADMINISTRATIVO/A NO PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025 SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

#### **Asisten:**

Presidenta: Sonia Dapena Lois

Vogais: Susana Miragaya González; Pablo Portela Fernández; e Belarmino Barreiro Rosal

Secretaria: Lara Otero Díaz

En Bueu, mediante sesión telemática, sendo as 11.08 horas do día 9 de maio do 2025, reúnese o tribunal cualificador do proceso selectivo para a contratación como persoal laboral temporal de un/ha administrativo/a no Programa de activación do emprego 2025 da Deputación de Pontevedra, segundo as bases aprobadas pola R.A. 2025-0536 co CSV AGWPD5QMKQWNFW2LX6EYPZYG (corrixidas pola R.A. 2025-0595 co CSV 4Y7SPPZTHD5XT4FLMPGE2ZJWE) e nomeado pola R.A 2025-0714 (CSV 4D763EWTJ74Q4FE5MDYGAWSJ), coa asistencia das persoas precitadas.

#### **Ao abeiro da base 9 o tribunal queda validamente constituído.**

Consonte ao disposto na base 8 *“O procedemento de selección será o de oposición co cumprimento previo dos requisitos procedimentais sinalados na base cuadraxésima primeira do capítulo III. Liña 3. activación do emprego 2025 e consistirá na realización dunha proba teórica de carácter obrigatorio e eliminatorio, relacionada coas tarefas propias do posto de traballo a desenvolver en base ao temario que figura como Anexo I a estas bases, no tempo de realización que acorde o Tribunal. O exercicio terá lugar na data e hora sinalado polo tribunal en chamamento único, e as persoas aspirantes que non concorran ao mesmo perderán o seu dereito a participar no proceso, sen posibilidade de aprazamento da proba de ningún tipo. Os candidatos admitidos deberán acudir provistos de DNI ou equivalente, bolígrafo de cor azul ou negra para a realización da proba. O exercicio puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso para superalo obter un mínimo de 5 puntos. Ao remate do exercicio e rematada a corrección do mesmo, o tribunal fará pública a relación de aspirantes coa puntuación do proceso. Unha vez publicada a relación de aspirantes coa puntuación total do proceso selectivo, o tribunal concederá un prazo máximo de 2 días hábiles para a presentación das reclamacións e alegacións que se estimen oportunas. No caso de producirse empates nas puntuacións do exame, resolverase aplicando os criterios preferentes, pola orde sinalada no derradeiro parágrafo na base terceira entre as persoas candidatas coa mesma puntuación”.*

Respecto diso, o temario que consta no Anexo I para a contratación de un/ha administrativo/a é:

1. A Lei 39/2015 do procedemento administrativo común. O procedemento administrativo. Concepto de interesado. O deber de resolver. O silencio administrativo en procedementos iniciados a solicitude do interesado e en procedementos iniciados de oficio. Fases do procedemento. O Rexistro xeral de entrada e saída de documentos. Recursos Administrativos.
2. Ámbito de aplicación obxectivo e subxectivo da contratación pública. Procedementos e formas de contratación. Clases de contratos.
3. A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Disposicións comúns ás subvencións públicas: requisitos para o outorgamento de subvencións. Requisitos para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora. Publicidade das subvencións. Procedementos de concesión das subvencións.
4. Lei 7/85 de Bases de réxime local. O municipio e as súas competencias. Elementos do municipio: O territorio, a organización e a poboación. As competencias. Réxime e funcionamento dos órganos colexiados locais.
5. Real Decreto Legislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. Clases de persoal ao servizo das Administracións Públicas. Réxime retributivo, permisos e licenzas. As situacións administrativas.

## Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029





## Concello de Bueu

### **Visto o anterior e para garantir o respecto dos principios reitores da selección do persoal empregado público, de acordo coa CE, o TREBEP, a LEPE e o RD 896/1991; o tribunal acorda que:**

1. A proba teórica de carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo de 20 minutos, dun cuestionario tipo test de 10 preguntas (e 2 de reserva).
2. Cada pregunta contará con 3 respostas alternativas, das que só unha será a correcta. Por cada tres (3) respostas incorrectas descontarase unha (1) correcta. As preguntas non contestadas non restarán.
3. As preguntas versarán sobre materias comprendidas no temario do Anexo I das Bases e que constan anteriormente incorporadas a esta acta.
4. As preguntas de reserva deberán ser contestadas polos aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que, de ser o caso, fosen anuladas polo tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente.
5. O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da súa realización. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo.
6. A proba realizarase o vindeiro 20 de maio de 2025 ás 12.00 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Bueu, sito no primeiro andar da rúa Eduardo Vicenti 8, 36930 de Bueu (Pontevedra).
7. A proba corríxirase ao remate da súa realización polas persoas aspirantes, en sesión pública, no propio Salón de Plenos.

Para isto, o tribunal determina que se reunirá ás 11.30 horas do dito 20 de maio de 2025 e que, para esa data, cada integrante do tribunal terá elaborado 2-3 preguntas do/s tema/s que a continuación se lle asigna/n. Así, o propio día do exame, seleccionaranse ao chou as preguntas finalmente incorporadas á proba teórica. En consecuencia, asígnanse os seguintes temas:

- A Sonia Dapena Lois: A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Disposicións comúns ás subvencións públicas: requisitos para o outorgamento de subvencións. Requisitos para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora. Publicidade das subvencións. Procedementos de concesión das subvencións.
- A Susana Miragaya González: Ámbito de aplicación obxectivo e subxectivo da contratación pública. Procedementos e formas de contratación. Clases de contratos.
- A Pablo Portela Fernández: A Lei 39/2015 do procedemento administrativo común. O procedemento administrativo. Concepto de interesado. O deber de resolver. O silencio administrativo en procedementos iniciados a solicitude do interesado e en procedementos iniciados de oficio. Fases do procedemento. O Rexistro xeral de entrada e saída de documentos. Recursos Administrativos.
- A Belarmino Barreiro Rosal: Lei 7/85 de Bases de réxime local. O municipio e as súas competencias. Elementos do municipio: O territorio, a organización e a poboación. As competencias. Réxime e funcionamento dos órganos colexiados locais.
- A Lara Otero Díaz: Real Decreto Legislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. Clases de persoal ao servizo das Administracións Públicas. Réxime retributivo, permisos e licenzas. As situacións administrativas.

### **A vista do que antecede, o tribunal acorda:**

1. Publicar o contigo íntegro desta acta no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal, para o seu público coñecemento polas persoas interesadas.
2. Convocar ao tribunal á sesión de preparación, realización e corrección de proba da fase de oposición o 20 de maio de 2025 ás 11.30 horas.
3. **Convocar ás persoas aspirantes para a realización da proba teórica o 20 de maio de 2025 ás 12.00 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Bueu,**

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029





## Concello de Bueu

### **sito no primeiro andar da rúa Eduardo Vicenti 8, 36930 de Bueu (Pontevedra).**

Respecto da proba recórdase ás persoas aspirantes que consonte ás bases reguladoras e ao agora acordado polo tribunal:

- Serán convocadas para o exercicio en chamamento único, sendo excluídas do proceso selectivo aquelas que non comparezan.
- Deberanse presentar para a realización da proba selectiva provistos de: DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade; e bolígrafo de cor azul ou negra para a realización da proba.
- O exercicio puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso para superalo obter un mínimo de 5 puntos.
- A proba consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo de 20 minutos, dun cuestionario tipo test de 10 preguntas (e 2 de reserva). Cada pregunta contará con 3 respostas alternativas, das que só unha será a correcta. Por cada tres (3) respostas incorrectas descontarase unha (1) correcta. As preguntas non contestadas non restarán.
- As preguntas versarán sobre materias comprendidas no temario do Anexo I das Bases

Sen máis asuntos que tratar, levántase o acto ás 11.15 horas, ordenándose a redacción desta acta que é asinada dixitalmente polo presidenta, xunto a min, a secretaria do tribunal.

